

INFORMACIÓN SOBRE A NACIONALIDADE ESPAÑOLA POR OPCIÓN

Deberán estar empadroados no partido xudicial de Cambados. O día da cita os dous proxenitores e o/a fillo/a ,se ten máis de 14 anos e menos de 18 anos, achegarán a solicitude e a documentación que se detalla na propia solicitude. Se ten menos de 14 anos só teñen que comparecer os proxenitores. Se ten máis de 18 anos, só comparecerá o interesado. A documentación requirida se sinala ao final da solicitude (hai tres tipos: para un menor de 14 anos, para un menor entre 14 e 18 anos e para un maior de 18 anos). Ademais, deberán traer a folla de datos cuberta e asinada.

DEBERÁN ACUDIR CO SEU DNI/NIE/PASAPORTE

REQUISITOS PARA SOLICITAR A OPCIÓN Á NACIONALIDADE ESPAÑOLA POR OPCIÓN

Poden optar á nacionalidade española (artigos 17, 19 e 20 do Código Civil):

- As persoas que estean ou estivesen suxeitas á patria potestade dun español (os fillos cuxo pai ou nai adquirisen ou recuperasen a nacionalidade española durante a minoría de idade dos seus fillos). Neste caso, o dereito de opción caduca aos 20 anos de idade.
- As persoas cuxo pai ou nai fora orixinariamente español nacido en España. Neste caso, o dereito de opción non caduca.
- As persoas adoptadas por un español sendo xa maiores de idade poderán optar nun prazo de dous anos dende a adopción.
- As persoas cuxa filiación ou nacemento en España se determine despois da súa maioría de idade, cando de tal determinación resulte algún dos supostos de feito contemplados no artigo 17.1º del Código Civil, poderán optar nun prazo de dous anos dende dita determinación.